



NOTA 1: O primeiro trimestre de 2022 cumpríronse dous anos desde a chegada da Covid-19. A administración da terceira dose de vacina a moi amplas porcentaxes da poboación e o levantamento da meirande parte das medidas de saúde pública de loita contra a pandemia fixeron que o comportamento da actividade socioeconómica pasase a asemellarse cada vez máis ao que acontecía previamente á chegada do virus. Isto advirte de xeito desigual se atendemos aos distintos parámetros que se analizan neste Boletín, de xeito que, mentres algúns deles amosan valores máis positivos que os recollidos con anterioridade a Marzo de 2020, noutros casos aínda non se ten completada a recuperación daqueles valores.

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixiados de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2016-2021

	% (T/T-4)	2016	2017	2018	2019	2020	2021	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21
Galicia		3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	5,2	3,5	3,3	4,2	2,5	1,6	2	2,1	2,1	2,8	3,5	2,5	3,3	2,4	1,1	0,6	0,3	-4,3	-17,9	-6,4	-7,0	-2,4	16,0	3,5	5,1
España		3,0	3,0	2,3	2,1	-10,8	5,1	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,3	2,9	3,1	2,7	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	2,0	1,7	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,1	17,8	3,5	5,5

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE



No cuarto trimestre de 2021 o PIB galego incrementouse nun 0,9% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a medrar o 5,1%. Logo de que o crecemento intertrimestral do PIB español acadase o 2,2%, o un incremento interanual do PIB rexistrado en España foi do 5,5%. Estes valores superan en dúas e tres décimas, respectivamente, as previsións contidas no avance do dato difundido o pasado mes de xaneiro.

Unha vez recollido o dato do derradeiro trimestre do ano, pódese calcular o PIB para o ano 2021, que en Galicia fica no 5,2%, unha décima maior que o 5,1% rexistrado en España.

O Gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no Gráfico 2. Este gráfico recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos e aporta unha mellor perspectiva da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume das economías galega e española amosen os valores rexistrados con anterioridade á chegada da pandemia. Así, e tomando como referencia o dato do índice de volume encadeado en Galicia para o conxunto de 2019 (que, logo do último cambio metodolóxico levado a cabo no segundo trimestre de 2021 fica en 109,78), ao peche do cuarto trimestre de 2021 o volume da actividade económica galega ficaba por baixo do nivel de 2019 nun -2,3%. No caso de España, o valor do índice para o conxunto de 2019 foi de 110,79, o que fai que ao peche do derradeiro trimestre de 2021 o volume de actividade económica en España sexa un -3,2% inferior ao de entón. Se realizamos a comparación entre os índices de volume encadeados para Galicia e España de 2019 a 2021, o de Galicia é un -4,2% menor ao de entón (-6,2% en España).

O avance do PIB estatal para o primeiro trimestre de 2022 prevé unha suba do 0,3% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual pasaría a reflectir un crecemento do 6,4%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.232,4	6,0	0,5	14,3	1,2
España	23.259,4	-29,4	-0,1	398,7	1,7

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)


A Encuesta de Población Activa (EPA) para o primeiro trimestre de 2022 indica un aumento da **poboación activa** galega de 6.000 persoas (o 0,5%) respecto do anterior, aumento que contrasta co leve descenso (-0,1%) en España neste período. En termos interanuais, a poboación activa galega incrementouse nun

1,2% respecto do primeiro trimestre de 2021. En España ese incremento foi superior (o 1,7%) cun aumento de case 400.000 persoas.

O número de persoas ocupadas en Galicia mantívose constante neste trimestre logo dun incremento de 100 persoas (o 0,0%) respecto do anterior, e aumentou en 31.600 respecto do primeiro trimestre de 2021, o que supón un aumento do 3,0%, incremento que fica por baixo do incremento medio en España que foi do 4,6% (878.000 persoas ocupadas máis). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no cuarto trimestre ata o 46,6%, porcentaxe case idéntico ao do trimestre anterior e inferior en -3,9 puntos porcentuais ao 50,5% rexistrado en España no mesmo período. Para rematar coa análise da EPA do primeiro trimestre de 2022, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 141.000 persoas tras un incremento do paro de 6.000, mentres que as persoas en paro en España aumentaron no trimestre en 70.900, co cal o total de parados e paradas en España pasa a ser de 3.174.700 persoas. Respecto de fai catro trimestres, o paro reduciuse en Galicia en termos interanuais en 17.300 persoas (unha redución do no -10,9%) mentres que en España a redución do paro fronte ao mesmo trimestre do ano anterior foi de -479.200 persoas (o -13,1%). Deste xeito, a taxa de paro en Galicia fica no 11,4% e a taxa de paro en España faíno no 13,6%.

Os *Boletíns mensuais do paro rexistrado* publicados no primeiro trimestre amosan un incremento cativo do **paro rexistrado** (752 persoas, o 0,5% máis) respecto do trimestre anterior, en liña cos observados en primeiros trimestres dos anos anteriores á chegada da pandemia de Covid-19. Porén, e respecto da variación interanual do paro rexistrado, o Gráfico 3 -no cal os primeiros trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor laranxa (ver páx. seguinte)- amosa que o mes de Marzo supuxo o duodécimo mes consecutivo con descensos interanuais do paro rexistrado. Estes descensos superaron o -15% para cada mes do trimestre, aínda que sen alcanzar os máximos de Decembro pasado.

Igual que no trimestre anterior, neste volveu a crecer a diferenza entre o número de homes e mulleres rexistrados como parados, diferenza que estaba en 23.100 paradas máis antes de comezar o trimestre, e fica en 24.900 paradas máis ao rematar. Así, a porcentaxe de mulleres rexistradas como paradas sobre o total pasou do 57,6% ao 58,1%. Porén, respecto ao primeiro trimestre de 2021, e como xa sucedera no trimestre anterior, a variabilidade entre os sexos da redución do paro rexistrado segue a diminuír. Así, a redución do paro rexistrado por sexos ao final do trimestre foi de máis do -16% entre os homes e máis do -14% para as mulleres, pouco máis de dous puntos porcentuais fronte aos cinco de fai tres meses.



Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2022

1T22	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	153.932	154.509	153.336	1.348	577	-1.173	0,9%	0,4%	-0,8%	-32.052	-30.719	-27.383	-17,2%	-16,6%	-15,2%
Homes	65.274	65.021	64.236	531	-253	-785	0,8%	-0,4%	-1,2%	-15.405	-14.399	-12.633	-19,1%	-18,1%	-16,4%
Mulleres	88.658	89.488	89.100	817	830	-388	0,9%	0,9%	-0,4%	-16.647	-16.320	-14.750	-15,8%	-15,4%	-14,2%
<30 anos	17.841	18.612	18.622	92	771	10	0,5%	4,3%	0,1%	-7.530	-6.539	-5.240	-29,7%	-26,0%	-22,0%
entre 30 e 44 anos	47.331	47.248	46.977	477	-83	-271	1,0%	-0,2%	-0,6%	-14.350	-14.014	-11.946	-23,3%	-22,9%	-20,3%
>44 anos	88.760	88.649	87.737	779	-111	-912	0,9%	-0,1%	-1,0%	-10.172	-10.166	-10.197	-10,3%	-10,3%	-10,4%
Agricultura e Pesca	5.733	5.665	5.540	-5	-68	-125	-0,1%	-1,2%	-2,2%	-1.160	-1.035	-844	-16,8%	-15,4%	-13,2%
Industria	16.669	16.623	16.459	-402	-46	-164	-2,4%	-0,3%	-1,0%	-3.211	-3.415	-3.516	-16,2%	-17,0%	-17,6%
Construción	11.282	10.959	10.825	-117	-323	-134	-1,0%	-2,9%	-1,2%	-2.977	-2.851	-2.520	-20,9%	-20,6%	-18,9%
Servizos	108.665	109.378	108.357	2.133	713	-1.021	2,0%	0,7%	-0,9%	-22.052	-21.607	-19.048	-16,9%	-16,5%	-15,0%
Sen emprego anterior	11.583	11.884	12.155	-261	301	271	-2,2%	2,6%	2,3%	-2.652	-1.811	-1.455	-18,6%	-13,2%	-10,7%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia

Para rematar co paro rexistrado, e respecto dos sectores de actividade, vemos que nos sectores agrícola-pesqueiro, industrial e da construción rexistráronse diminucións do paro mes a mes para cada un dos meses do primeiro trimestre, mentres que o sector servizos (Xaneiro) e o grupo de persoas sen emprego anterior (Febreiro e Marzo) rexistraron incrementos do paro superiores ao 2% nos meses citados, e foi este último grupo de persoas o que tivo unha peor evolución en valores relativos. Na comparación coa situación do primeiro trimestre de 2021, dicir que produciron diminucións do paro rexistrado superiores ao -10% en todos os meses e en todos os sectores. A construción amosou o mellor comportamento, cunha diminución media do paro rexistrado de preto do -20% respecto a fai catro trimestres, seguido do sector industrial (-17%) e o sector servizos (-16%).

No que atinxe á contratación, as diferentes edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres primeiros meses de 2022 amosan diminucións na contratación respecto ao trimestre previo superiores ao -17%. En termos interanuais, a contratación no primeiro trimestre de 2022 superou en máis do 20% á do primeiro de 2021 no mesmo período. Con todo, os 206.117 novos contratos rexistrados representa o segundo menor número de novos contratos dos seis anos neste trimestre, tan só por diante dos novos contratos asinados no primeiro trimestre de 2021.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2022

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
1T2022	206.117	-44.303	-17,7%	34.460	20,1%
Homes	105.345	-23.262	-18,1%	12.882	13,9%
Mulleres	100.772	-21.041	-17,3%	21.578	27,2%
<30 anos	62.502	-16.063	-20,4%	14.446	30,1%
entre 30 e 44 anos	83.289	-17.787	-17,6%	8.896	12,0%
>44 anos	60.326	-10.453	-14,8%	11.118	22,6%
Indefinido	46.976	20.297	76,1%	25.893	122,8%
Temporal	157.065	-62.838	-28,6%	9.214	6,2%
Prácticas / Formación	1.319	-1.568	-54,3%	-296	-18,3%
Otros	757	-194	-20,4%	-351	-31,7%
Agricultura e Pesca	6.255	-718	-10,3%	-456	-6,8%
Industria	38.653	-3.626	-8,6%	-411	-1,1%
Construción	10.398	103	1,0%	425	4,3%
Servizos	150.811	-40.062	-21,0%	34.902	30,1%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Emprego e Igualdade

tamén diminucións na sinatura de novos contratos en comparación co acontecido no cuarto trimestre (preto do -18% e do -15% respectivamente). Non obstante, ao comparar co primeiro trimestre de 2021 as persoas maiores de 45 anos superaron o número de novos contratos asinados entón en máis do 22%; pola súa banda, a porcentaxe de novos contratos asinados no rango de idades entre os 30 e 44 ficou no 12%.

Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados é relevante o fortísimo incremento dos novos contratos indefinidos. Trátase dun aumento do 76% respecto do anterior trimestre, incremento no que pode advertirse o impacto da aplicación das novas modalidades de contratación recollidas no *Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral*. Este forte incremento contrasta co descenso nos contratos asinados no resto de modalidades, todos eles por riba do descenso medio observado. En comparación co primeiro trimestre do ano anterior, o anómalo do novo dato apréciase aínda máis, ao superar o número de novos contratos indefinidos asinados ao de entón en case o 123%, mentres os temporais aumentaron só o 6% e os outros tipos de contratación mesmo diminuíron. Podemos resumir o impacto do Real Decreto-Lei no contrato indefinido se sinalamos que, durante os cinco anos anteriores, a media de contratos indefinidos asinados no primeiro trimestre fronte ao total de contratos novos foi do 10,5%. Neste trimestre, os novos contratos indefinidos foron o 22,8% do total.


O análise da contratación por sectores de actividade recolle para o primeiro trimestre diminución no número de novos contratos en todos os sectores respecto do anterior, cos excepción da construción cun aumento do 1%. Esta diminución foi máis moderada na industria e no sector agrícola-pesqueiro, mentres que a redución da nova contratación no sector servizos superou o -21%. Porén, este sector foi o responsable do maior incremento respecto a fai catro trimestres, logo de aumentar por riba do 30%, mentres a construción aumentou en menos do 5% e o resto de sectores mesmo diminuíron a contratación respecto do primeiro trimestre de 2021.

	Afilación media mensual 1º trimestre 2022 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	1.021.954	1.026.146	1.028.457	-10.831	4.192	2.311	-1,05%	0,41%	0,23%	29.616	32.117	29.724	2,98%	3,23%	2,98%
España	19.627.161	19.694.272	19.834.504	-197.750	67.111	140.232	-1,00%	0,34%	0,71%	797.681	844.160	913.602	4,24%	4,48%	4,83%

Fonte: IGE Informe de afiliación a Seguridad Social (segundo datos del Ministerio de Empleo y Seguridad Social)

Se ben as variacións en sentido positivo ou negativo foron de pouca intensidade en todos os casos, o único grupo de idade que rexistrou diminución do paro respecto do cuarto trimestre foi o de persoas de 45 ou máis anos. O aumento foi maior entre os menores de 30 anos, se ben só no mes de Febreiro o aumento superou o 1%. Mes a mes, Xaneiro e Febreiro amosaron incrementos do paro rexistrado, e en Marzo xa se rexistrou diminución, en liña co que resulta previsible segundo a tendencia histórica. No que se refire á redución interanual advírtese un comportamento ben definido por idades, con reducións notables para todos os grupos, e máis intensas canto menor é a idade do grupo analizado. Así, o descenso medio do paro rexistrado no cuarto trimestre en Galicia para persoas de 30 o menos anos superou o -25%, o -22% para persoas traballadoras entre 30 a 44 anos, e por riba do -10% para persoas traballadoras de 45 ou máis anos. Trátase en todos os casos de valores inferiores aos recollidos no *Boletín* anterior para este parámetro.

Durante o primeiro trimestre de 2021 a **afiliación media** en Galicia se mantivo en valores situados entre 1.021.000 e o 1.029.000 persoas afiliadas, logo de que, comparando co mes anterior, se rexistrase un descenso de máis dun punto porcentual en xaneiro e lixeiros ascensos en febreiro e marzo. En España a afiliación media tivo un comportamento moi similar en termos relativos, se ben o incremento de rexistrado e marzo superou ao galego en case medio punto porcentual.



Se observamos o Gráfico 4, que recolle o comportamento da afiliación media mes a mes en termos interanuais, pódese apreciar como a afiliación está a crecer de xeito sostido en Galicia, movéndose o incremento no rango entre o 3,0% e o 3,2% durante os últimos catro meses, mentres que en España o está a facer a un ritmo máis intenso e mesmo acelerándose, tendo superado o 4% de crecemento na afiliación media os últimos catro meses, e superando o 4,8% de incremento en Marzo. Cómpre subliñar que o bo dato da afiliación media en España en Marzo se corresponde cun dato relativamente máis froxo en Galicia, o que leva o diferencial porcentual do crecemento interanual da afiliación media a un máximo de 1,85 puntos porcentuais.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Decembro 2020/2021)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var
Agricultura	1.081	1.299	20,2	36	33	-8,3	7	5	-28,6	1.124	1.337	19,0
Pesca	737	694	-5,8	39	44	12,8	8	3	-62,5	784	741	-5,5
Industria	5.744	6.597	14,9	64	82	28,1	10	10	0,0	5.818	6.689	15,0
Construción	3.470	4.083	17,7	115	110	-4,3	9	12	33,3	3.594	4.205	17,0
Servizos	10.856	13.266	22,2	124	146	17,7	18	18	0,0	10.998	13.430	22,1
Total	21.888	25.939	18,5	378	415	9,8	52	48	-7,7	22.318	26.402	18,3

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade. ISSGA.

do pesqueiro, no que se reduciu en máis dun -5,5%, mentres que os maiores incrementos se produciron no sector servizos, o único no que o incremento superou o 20%. O incremento dos accidentes leves foi superior ao rexistrado nos accidentes graves, cuxo incremento non superou o 10%. Cómpre sinalar que, por sectores, o comportamento deste grupo de accidentes non seguiu o mesmo patrón dos leves, con reducións da sinistralidade nos sectores agrícola e da construción, e cun incremento porcentual máis acusado nos da industria, que ficaron preto dun 30% máis que en 2020. Rematamos o análise atendendo aos accidentes mortais, que trouxeron mellores novas, logo de se reducir nun -7,7%. Tan só na construción se incrementaron respecto ao ano anterior, logo de pasar de 9 a 12, con importantes reducións no sector primario.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Decembro 2020/2021)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var
Agricultura	3.120,1	3.778,5	21,1	103,9	96,0	-7,6	20,2	14,5	-28,0	3.244,2	3.889,0	19,9
Pesca	4.087,0	3.937,4	-3,7	216,3	259,6	20,0	44,4	17,0	-61,6	4.347,6	4.214,0	-3,1
Industria	3.997,0	4.593,0	14,9	44,5	57,9	30,0	7,0	7,0	0,0	4.048,5	4.657,9	15,1
Construción	4.619,6	5.272,1	14,1	153,1	142,0	-7,2	12,0	15,5	29,3	4.784,7	5.429,6	13,5
Servizos	1.517,1	1.816,2	19,7	17,3	20,0	15,3	2,5	2,5	-1,6	1.536,9	1.838,7	19,6
Total	2.217,4	2.584,8	16,6	38,3	41,4	8,0	5,3	4,8	-9,3	2.261,0	2.631,0	16,4

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade. ISSGA.

Logo de rexistrar un descenso no ano 2020 do -24,4%, os accidentes con baixa en xornada laboral en Galicia incrementáronse o pasado 2021 nun 18,5% respecto aos rexistrados no ano anterior, segundo os datos facilitados polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). Dado que os accidentes leves con baixa supuxeron, como é habitual, o 98% do total de accidentes, as tendencias observadas para eles coinciden en grande medida coas totais. Así, a sinistralidade aumentou en todos os sectores coa excepción

Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento, se ben neste caso o dato do incremento porcentual foi lixeiramente inferior ao dato do incremento porcentual de accidentes (16,4% fronte ao 18,3%). Atendendo aos índices de incidencia, a maior incidencia deuse na construción, seguido da industria. O sector servizos é, de xeito sobranceiro, o que amosa menor incidencia de accidentes de traballo.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Decembro 2021)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	48	20	7.300	370	17.159	-3.685
España	606	119	199.026	47.530	422.815	-117.764

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo y Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

2021 foi de preto do 25%, porcentaxes nos dous casos inferiores ás observadas na anterior edición do *Boletín*. No que atinxe ao número de persoas traballadoras participantes en folgas, o seu número tamén foi superior ao do ano 2020, o que supón un cambio de tendencia respecto do que viña sucedendo ata o mes de setembro, mentres que en España o número total persoas traballadoras participantes en folga aumentou en máis do 31%, porcentaxe maior á rexistrada nos nove primeiros trimestres, nos que o incremento fora do 26%. Para rematar co análise da conflitividade, as xornadas non traballadas en Galicia víronse reducidas en 2021 nunha porcentaxe significativa (máis do -17%), se ben nunha porcentaxe inferior á diminución de xornadas non traballadas en España respecto de 2020, que foi de máis do -23%.

Con todo, e para afondar no efecto das restricións á mobilidade e á actividade no que atinxe á conflitividade no período de 2020, respecto ao cal estamos a comparar os datos deste ano, hai que engadir que, se comparamos os datos da conflitividade por folga en 2021 fronte ao mesmo período de 2019 atopamos reducións moi acusadas para todas as variables analizadas.

Expedientes de Regulación de Emprego

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España 2020-2021

	TOTAL		DESPEDIMENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS E REDUCCIÓN DE XORNADA			
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %	
Galicia	1.983	-38.210	-95%	682	231	51%	1.301	-38.441	-97%	
España	51.238	-966.551	-95%	14.840	6.226	72%	36.398	-972.777	-96%	

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo y Economía Social

2021 amosan diminucións drásticas no número de persoas traballadoras en ERE de suspensións de contratos e de redución de xornada tanto en Galicia como en España (o -97% e o -98% respectivamente), diminucións cuxa intensidade deriva do acusado descenso do número de traballadores e traballadoras en ERTE respecto das persoas afectadas por eles en 2020. Se atendemos ás persoas afectadas por ERE de despedimentos colectivos se observan incrementos porcentuais importantes: así, as persoas traballadoras inmersas nestes expedientes en 2021 en Galicia foron 882, un aumento do 51% respecto a 2020. O incremento en España nesta variable e período foi superior ao galego en máis de 20 puntos porcentuais (o 72%) tras afectar as 14.840 persoas.

NOTA 2: Os últimos datos relativos aos ERE dispoñibles na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade son os correspondentes a Decembro de 2019, motivo polo que pasamos a analizar os facilitados polo Ministerio de Trabajo y Economía Social na súa Estadística de Expedientes de Regulación de Empleo, máis actualizados.

Os datos facilitados na Estadística para o ano 2021 amosan diminucións drásticas no número de persoas traballadoras en ERE de suspensións de contratos e de redución de xornada tanto en Galicia como en España (o -97% e o -98% respectivamente), diminucións cuxa intensidade deriva do acusado descenso do número de traballadores e traballadoras en ERTE respecto das persoas afectadas por eles en 2020. Se atendemos ás persoas afectadas por ERE de despedimentos colectivos se observan incrementos porcentuais importantes: así, as persoas traballadoras inmersas nestes expedientes en 2021 en Galicia foron 882, un aumento do 51% respecto a 2020. O incremento en España nesta variable e período foi superior ao galego en máis de 20 puntos porcentuais (o 72%) tras afectar as 14.840 persoas.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2016-2021

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,4	0,0
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

entre o custo salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España reduciuse en -1,4 puntos porcentuais neste trimestre e fica no -8,4%.

Deste xeito, os custos laborais e salariais medios para Galicia en 2021 ascenderon a 2.476,70€ e 1.823,00€, respectivamente, valores case un 5% superiores nos dous casos aos de 2020, e tamén superiores aos rexistrados no ano 2019.

As subas dos custos laborais e salariais por hora efectiva rexistradas no cuarto trimestre non acadan as porcentaxes de incremento dos custos por persoa e mes, pero son tamén importantes, xa que tanto os custos laborais por hora efectiva en termos interanuais como os custos salariais por hora efectiva medraron nun 3,4%. Pola contra, e para os mesmos períodos de referencia, en España as subas recollidas foron do 0,3% e do 0,9% respectivamente. Compre sinalar que o valor medio dos custos por hora efectiva en Galicia en 2021 mantivéronse nos mesmos valores que os que se rexistraron no ano 2020.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2022

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.099	67.529,4	49	150,0%	248	-9,1%
Sociedades que ampliaron capital	353	73.057,0	94	44,9%	18	-86,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

moi importante no capital invertido do 150%. Porén, respecto do primeiro trimestre de 2021 o capital invertido en novas sociedades reduciuse en máis dun 9% pese a que o número de novas sociedades mercantís foi un 30% superior no primeiro trimestre de 2022.

No que atinxe ao número de sociedades que ampliaron capital tamén se produciu incremento tanto coas sociedades que o fixeron no trimestre anterior (un 36% máis) como coas que o fixeron no primeiro trimestre do ano 2021 (un 5% máis). Se atendemos ao capital invertido, a suba respecto ao trimestre pasado estivo en liña co aumento do número de sociedades nas que se ampliou capital, pero o capital invertido respecto do que se inverteu no primeiro trimestre de 2021 reduciuse en case o -87%, debido a que naquel trimestre se rexistraran niveis de inversión en ampliación de capital excepcionalmente elevados.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2022

	1T22	4T21	1T21
Sociedades disolvidas	426	266	624
Sociedades que redución capital	87	64	107
Sociedades en situación concursal	73	71	65

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

O número de empresas disolvidas neste trimestre rexistrou un incremento superior nun 60% respecto do anterior, pero diminuíu en máis do -31% fronte ao acontecido no primeiro trimestre de 2021. As sociedades que reduciron capital comportáronse de xeito similar, cunha suba do 33% fronte ao cuarto trimestre de 2021 e unha diminución do -19% fronte ao primeiro.

Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores foi moi similar ao do cuarto trimestre do ano pasado logo de que se incrementaran en menos do 3%, e amosou un incremento maior fronte ao primeiro trimestre daquel ano (o 12%). Ademais, rexistráronse tres procesos de escisión de empresas, tres menos que o trimestre anterior, e os procesos de fusión foron 23, os mesmos que no último trimestre de 2021.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o primeiro trimestre de 2022, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 6 ditames sobre normativa laboral autonómica, a metade dos emitidos no período correspondente do ano 2021.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva en procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo tiveron entrada no AGA 32 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 13 máis das que foron recibidas no primeiro trimestre do ano pasado. Entre as 18 mediacións e arbitaxes efectuadas e rematadas durante os tres primeiros meses de 2022, a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 77,8%. Así mesmo, e en referencia ás mesas negociadoras de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia, cómpre destacar a sinatura neste trimestre o V Convenio colectivo do sector de Residencias privadas das persoas de idade de Galicia.

Para rematar, o pasado mes de Marzo inaugurouse a I edición do Curso de especialización en Dereito marítimo-pesqueiro do traballo e da Seguridade Social, acción formativa que o Consello a través dun convenio de colaboración coa Universidade da Coruña. Tamén deron comezo as actividades de fomento do debate social, coa realización dun webinar dedicado á *Ultraactividade indefinida: novidades e desafíos tras a reforma laboral*.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgrl.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

